

**Datos Do Expediente:**

PLENO	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/PLE/5/2019	GOB131070
304Z562D6X0G6R6O14GE	
2 3 0 4 Z 5 6 2 D 6 X 0 G 6 R 6 O 1 4 G E a »	
2 3 0 4 Z 5 6 2 D 6 X 0 G 6 R 6 O 1 4 G E a »	

ACTA DA SESIÓN DO CONCELLO PLENO, CELEBRADA CON CARÁCTER EXTRAORDINARIA E URXENTE O DEZASEIS DE ABRIL DE DOUS MIL DEZANOVE

<p>SRES/AS ASISTENTES: <u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u> D/D^a MARIAN FERREIRO DÍAZ</p> <p><u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u> D/D^a GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/D^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D^a NATALIA HERMIDA RICO D/D^a JUAN PABLO MAURIZ ROMERO D/D^a M. DEL CARMEN ESPADA CORTIZAS D/D^a M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D^a ROMAN ROMERO FRANCO D/D^a MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/D^a JOSE IBAN SANTALLA BORREIROS D/D^a MARCOS LOPEZ BALADO D/D^a LAURA PENA FERNANDEZ D/D^a HIPOLITO FARIÑAS SOBRINO D/D^a PATRICIA ANEIROS FREIRE D/D^a ESTHER CARBALLEIRA REGO D/D^a CATALINA MARIA GARCIA BLANCO D/D^a JOSE MARÍA GOMEZ FANDIÑO D/D^a TERESA JESUS SABIO RODRIGUEZ D/D^a ANDRE ABELEDO FERNANDEZ D/D^a ALFONSO CASAL PITA</p> <p><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u> D/D^a MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ</p> <p><u>SRA. SECRETARIA SUBSTITUTA:</u> D/D^a MARIA ANGELES MANTEIGA FULGUEIRA</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:15 do dezaseis de abril de dous mil dezanove, baixo a presidencia da Sra. alcaldesa, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese o Concello Pleno para celebrar sesión extraordinaria - urgente. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario MARIA ANGELES MANTEIGA FULGUEIRA, A SECRETARIA SUBSTITUTA.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
---	---

1º.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA

O Concello Pleno, por unanimidade, ratificou a urxencia desta sesión.

2 º.- PROPOSTA DO PLENO DO CONCELLO DE NARÓN RELATIVO AO PASAMENTO DO CONCELEIRO DO PSdeG-PSOE DON OCTAVIO ALEJANDRO DOPICO PÉREZ.

-Lida pola secretaria substituta a proposta que di así: Reunida con carácter extraordinario e urxente a Xunta de Portavoces do Concello de Narón con motivo do pasamento do concelleiro do PSdeG-PSOE **DON OCTAVIO ALEJANDRO DOPICO PÉREZ**, acordan elevar á consideración do Concello Pleno a seguinte proposta:

1.- Transmitir á familia de **Don Octavio Alejandro Dopico Pérez** as condolencias da Corporación polo seu pasamento.

2.- Declarar o día de hoxe e mañá xornada de loito oficial, razón pola cal se suspenderán tódolos actos oficiais previstos polo Concello e as bandeiras ondearán a media asta en tódolos edificios oficiais.

INTERVENCIONS:

-Sra.García Blanco: bo día. Sen dúbida hoxe é unha das intervencións máis difíciles da miña vida. En nome dos socialistas e das socialistas de Narón e en nome da súa familia, quero agradecer todas as mostras de cariño e recoñecemento a Octavio. De el nos quedará sempre o exemplo inequívoco do que é unha boa persoa, un bo profesional e un socialista de conviccións firmes, leal e inmellorable compañeiro, sempre fiel ás súas ideas e principios .

Estes anos foi un auténtico luxo traballar a carón del e aprender cada día a que hai que ser tranquilo, amable, sempre correcto no trato e non perder nin un minuto no que non é importante. Aprender con el a que o tempo pon a cada quen no seu sitio, sen necesidade de malgastar enerxías que precisamos para desenvolver o noso traballo cotiá.

Eu só podo decir grazas. Grazas con maiúsculas, grazas a toda a Corporación de Narón, a todo o persoal deste concello e a todas e a cada unha das persoas que están a amosar o seu respecto e recoñecemento a esta gran persoa, compañeiro e, sobre todo, amigo con maiúsculas, Octavio Alejandro Dopico Pérez.

Este non é un adeus , é un “ata sempre” porque nunca o esqueceremos. Moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: eu tamén quero mostrar o meu recoñecemento a Octavio pola excelente persoa que era e quero facer, entendo que tamén o grupo de goberno e toda a Corporación, como ben decía Catalina, era unha persoa coa que sempre se podía chegar a acordos, sempre intentabamos (por decir así) esconder as nosas siglas polo beneficio do pobo de Narón e o meu recoñecemento pola súa labor que realizou durante estes anos no Concello de Narón; a facilidade que era co boa persoa que era, o trato directo que podíamos ter con el, que a verdade é que sempre amable, educado... o meu recoñecemento pola súa labor durante estes 4 anos.

As nosas condolencias tamén á súa familia, amigos e ao grupo socialista. Dito esto, pasamos a votar a proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria aprobou a proposta transcrita.

-Sra.alcaldesa: damos por rematado o Pleno. Moitas grazas a todas e a todos.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 11:25 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sra. alcaldesa comigo a secretaria substituta que DÁ FE.

V. e pr.

A ALCALDESA

A SECRETARIA SUBSTITUTA

Asdo.- Marián Ferreiro Díaz

Asdo.- M^aAngeles Manteiga Fulgueira